



PROPOSTA PROTOCOLO DISTRIBUCION AXUDAS TÉCNICAS CONCELLO SAN SADURNIÑO:

1. EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O aumento da esperanza de vida, consecuencia de circunstancias culturais, sociais e sanitarias, trae consigo o aumento do número de persoas en situación de dependencia que non poden realizar de forma autónoma as actividades básicas da vida diaria, tal es como son por exemplo o aseo persoal e hixiene, vestido, desprazamentos dentro do fogar, entre outros.

Nos últimos anos estase a producir, por parte da veciñanza do municipio, unha elevada demanda de solicitudes vinculadas ao Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia (SAAD), e en concreto unha elevada demanda de recursos vinculados á permanencia na contorna familiar de convivencia. O incremento na intensidade dos coidados destas persoas require, en moitas ocasións, o uso de produtos de apoio e material ortoprotésico para favorecer uns coidados adecuados e facilitar así o labor que se presta dende o servizo de axuda no fogar municipal.

Paralelamente, o Concello de San Sadurniño ten que velar pola eliminación ou, senón é posible, minimización, dos riscos laborais vinculados á prestación dos devanditos servizos. É por iso que con este programa se pretende tamén dotar ao servizo do correspondente equipamento técnico, como son as camas articuladas ou os guindastres, que facilite o desenvolvemento das tarefas inherentes ao servizo.

Por ese motivo, dende o Concello de San Sadurniño, procedeuse a efectuar unha compra neste ano 2023 de axudas técnicas cun importe de 14.153 euros, financiados con cargo aos remanentes da tesourería municipal.

Trátase de 6 camas articuladas e 6 guindastres especiais para a mobilización de persoas dependentes, así como outros accesorios (arnés...).

O obxectivo da compra é mellorar a calidade asistencial no domicilio para as persoas usuarias do



Servizo de Axuda no Fogal (SAF) municipal, tanto na modalidade de libre concurrencia como de dependencia, pero tamén previr lesións e facilitar o labor das persoas traballadoras do servizo.

As camas articuladas e motorizadas permiten facer un cambio de postura sen esforzo por parte da profesional do SAF ou persoa coidadora, que poden regular en segundos a posicións máis axeitadas para cada momento -dormir, inxerir alimentos, hixiene, erguerse ou deitarse, etc.-, ademais de adaptárense en altura para facilitar a incorporación da persoa usuaria e o traballo do persoal de atención.

No caso dos guindastres, o Concello adquiriu cinco modelos para o cambio postural e a transferencia de persoas dependentes, imprescindibles cando a mobilidade é mínima ou nula. Os aparellos, dotados de motorización eléctrica, eslingas e arneses, están pensados principalmente para erguer as persoas usuarias da cama ou para volvelos deitar, así como para o seu cambio a un asento na mesma estancia ou noutra do domicilio.

A maiores, o SAF tamén disporá dun guindastre específico para bipedestación, deseñado para aquelas persoas usuarias que precisan asistencia pero que aínda poden soportar o seu propio peso e axudar na mobilización por teren certa forza en brazos e pernas.

O investimento en camas e guindastres -13.023,90€- complétase con outras axudas técnicas, como unha cadeira de baño, un brazo incorporador, unha saba superdeslizante, un disco de transferencia -para que a persoa poida ser xirada estando de pé sen sufrir torsións- e unha táboa de transferencia curva, que funciona como punto de apoio, por exemplo, entre unha cadeira de rodas e unha cama. Este equipamento menor -aínda que igualmente importante- tivo un custe de 1.129,81 euros



A adquisición foi precedida dun informe técnico do departamento, coa colaboración do propio persoal do SAF, de cara a identificar as necesidades actuais e a medio prazo deste tipo de material.

2. CONCEPTO, FINALIDADE E OBXECTIVOS:

O obxectivo xeral deste programa é regular o servizo de préstamo de produtos de apoio a persoas en situación de dependencia beneficiarias do servizo de axuda no fogar municipal co fin de minimizar as situacións de risco tanto para as persoas traballadoras municipais como para as persoas usuarias ademais de favorecer o desenvolvemento das actividades básicas da vida diaria.

Son obxectivos específicos:

- Favorecer ás persoas en situación de dependencia a autonomía persoal e a accesibilidade no desenvolvemento das actividades básicas da vida diaria.
- Apoiar a tarefa de coidados a persoas en situación de dependencia levada a cabo por coidadores profesionais, non profesionais e familiares.
- Minimizar os riscos laborais inherentes á prestación do servizo de axuda no fogar.
- Lograr a permanencia no entorno habitual de convivencia das persoas en situación de dependencia que, con un produto de apoio, verían mellorada a súa situación persoal.

3. PERSOAS BENEFICIARIAS:

Poderán ser persoas beneficiarias do servizo as persoas usuarias do servizo de axuda no fogar municipal do Concello de San Sadurniño (tanto na modalidade de dependencia, como na de libre concurrencia).



4. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN DAS AXUDA (PRELACIÓN/BAREMO PARA O ACCESO):

A orde de prelación para o acceso as axudas técnicas (gindastres e camas articuladas) do Concello de San Sadurniño, será baremado segundo:

1º) Grado de Dependencia /Situación equiparable *:

*No caso de non ter recoñecido no momento da solicitude o grado de dependencia, e tras valoración técnica do equipo de servizos sociais, se procederá para valorar este punto, administrar unha escala equiparable (Índice de Barthel- Actividades Básicas da Vida Diaria):

Recoñecemento de dependencia da Xunta de Galicia:

- Grado III de Dependencia - Gran dependencia: **3 puntos.**
- Grado II de Dependencia - Dependencia severa: **2 puntos.**
- Grado I de Dependencia - Dependencia moderada: **1 punto.**
- Sen Grado: **0 puntos.**

Situación equiparable (Índice Barthel):

- Dependencia total (< 20 puntos): **3 puntos.**
- Dependencia severa (21-60 puntos): **2 puntos.**
- Dependencia moderada (61-90 puntos): **2 puntos.**
- Dependencia leve (91-99 puntos): **1 punto.**
- Independencia (100 puntos): **0 puntos.**

2º) Capacidade económica:

Para este punto se terá en conta a capacidade económica da persona en relación o IPREM (Indicador Público de Renta de Efectos Múltiples) mensual vixente no ano da solicitude (IPREM 2023: 600 EUROS/MENSUAIS):

- Capacidade económica inferior 0,80 IPREM: **4 puntos.**
- Capacidade económica entre 0,80 e 1,50 IPREM: **3 puntos.**



- Capacidade económica superior 1,50 IPREM e inferior 2 IPREM: **2 puntos.**
- Capacidade económica persona superior 2,00 IPREM e inferior 2,50 IPREM: **1 punto.**
- Capacidade económica persona superior 2,50 IPREM: **0 puntos.**

3º) Valoración técnica do departamento de servizos sociais do Concello de San Sadurniño de situación de risco:

- Existencia de situación de risco: **1 punto.**
- No existencia de situación de risco: **0 puntos.**

4º) Rede de apoio social:

- No existencia de familiares/ rede de apoio social no domicilio: **1 punto.**
- Existencia de familiares/ rede de apoio social no domicilio: **0 puntos.**

No caso de empate na puntuación total das solicitudes, os criterios de desempate serán:

- 1º) Maior Grado de Dependencia/ situación equiparable.
- 2º) Menor capacidade económica.
- 3º) Existencia de situación de risco.
- 4º) No existencia de familiares/rede de apoio.

5. PRAZO DE SOLICITUDE:

Aberto todo o ano.

Con modelo normalizado de solicitude, entrega de préstamo e devolución de préstamo de axuda técnica.

Poderán presentarse no rexistro xeral do Concello de San Sadurniño así como en calquera dos medios habilitados para este fin dacordo coa lexislación vixente.



6. DURACIÓN DO SERVIZO:

A duración do servizo de préstamo de axudas técnicas do Concello de San Sadurniño, estará vinculada ó mantemento da situación que orixinou a súa solicitude e valoración posterior.

As persoas solicitantes poderán en calquer momento devolver dita axuda técnica, polos medios establecidos polo concello de San Sadurniño para ese fin.

7. PROCEDEMENTO DE SOLICITUDE /RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN:

A solicitude será valorada por parte do persoal técnico dos servizos sociais do Concello de San Sadurniño. Valorada e baremada dita solicitude, emitirase informe-proposta de resolución que se elevará á Alcaldía para a súa resolución e notificación á persoa interesada.

O persoal de Servizos do concello será o encargado da entrega e recollida dos produtos de apoio prestados no domicilio da persoa beneficiaria.

No momento da devolución dos produtos de apoio, procederase a realizar unha proba técnica en presenza da persoa interesada, co obxecto de verificar o seu estado, e/ou funcionamento. A mesma proba realizarase con anterioridade á realización do préstamo a unha nova persoa beneficiaria.

O uso incorrecto da axuda técnica recibida en préstamo, que imposibilite/disminúa/empeore o seu correcto funcionamento, suporá para as persoas solicitantes a devolución do importe económico establecido para a mesma, así como a imposibilidade de volver a solicitar un novo préstamo de axuda técnica.

Será o persoal técnico dos servizos sociais municipais que realice o seguimento das situacións de necesidade, do destino dado á prestación así como a valoración do nivel de cumprimento por parte das persoas beneficiarias das obrigas establecidas.

8. DEREITOS E DEBERES DAS PERSOAS SOLICITANTES:

Son DEREITOS das persoas beneficiarias do servizo, os seguintes:

- a) Recibir en condicións óptimas e en bo estado o produto de apoio que se solicita.
- b) Ser informados previamente de calquera modificación nas condicións do servizo.



c) Ser tratadas con respecto e confidencialidade por parte do persoal, que directa ou indirectamente, está relacionado con este servizo.

Son DEBERES e OBRIGAS das persoas beneficiarias do servizo os seguintes:

- a) A destinar a prestación á finalidade para a que se concede.
 - b) O produto de apoio deberá ser destinado exclusivamente á persoa beneficiaria, sen que poida ser alugada ou cedida a terceiras persoas.
 - c) A permitir e facilitar a labor dos Servizos Sociais Municipais, para verificar a súa situación de dependencia ou discapacidade e familiar.
 - d) A informar aos Servizos Sociais Municipales dos posibles cambios ou variacións que se den na situación persoal e/ou familiar da persoa beneficiaria.
- e) Velar polo bo funcionamento e conservación do produto de apoio obxecto de préstamo.
 - f) Devolver a axuda técnica en perfecto estado de uso/funcionamento .
 - g) En caso de que, no momento da devolución do produto de apoio, este non estea en boas condicións hixiénicas ou estruturais por desuso, mal uso ou negligencia, ou por non ter realizado o mantemento necesario; o custe de reparación, reposición ou posta en uso, deberá ser aboada pola persoa beneficiaria, familiares.
 - h) En caso de producirse una avaría, ou necesidade de mantemento, deberá comunicarse ao Concello de San Sadurniño a fin de que sexa o Concello, quen determine a xestión do arranxo do mesmo e se procede ou non o pago por parte da persoa beneficiaria.

San Sadurniño, na data da sinatura electrónica

A educadora familiar
Pilar Calvo Pico

A traballadora social
Natalia Doval Álvarez

